

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

8550 *Real decreto lei 9/2010, do 28 de maio, polo que se autoriza a Administración xeral do Estado ao outorgamento de avais a determinadas operacións de financiamento no marco do Mecanismo Europeo de Estabilización Financeira dos Estados membros da Zona do Euro.*

O 7 de maio os xefes de Estado e de Goberno dos Estados membros da Zona Euro reuníronse para reafirmar o compromiso de asegurar a estabilidade, unidade e integridade da Unión Económica e Monetaria. Acordouse que a Comisión Europea propuxese un mecanismo europeo de estabilización financeira que debería ser aprobado no Consello de Ministros de Economía e Finanzas da Unión Europea que se convocou de forma extraordinaria o 9 de maio. Neste Consello aprobouse a creación do citado mecanismo e sinalouse o acordo de todas as institucións da Zona do Euro e dos Estados membros para utilizar todos os medios á súa disposición para garantir tal estabilidade.

O obxecto do Mecanismo Europeo de Estabilización Financeira é proporcionar apoio financeiro a aqueles Estados membros que se encontren en dificultades causadas por circunstancias excepcionais máis alá do seu control. Este apoio, en coordinación co Fondo Monetario Internacional, estará suxeito a estritos requisitos de condicionalidade. O mecanismo articulouse, pola súa vez, a través dos dous instrumentos que se describen a seguir.

En primeiro lugar, de acordo co Regulamento 9606/2010, do 10 de maio, do Consello da Unión Europea, aprobado con fundamento no artigo 122.2 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, os Estados membros poderán ter acceso até a sesenta mil millóns de euros que achegará a Comisión Europea financiándose nos mercados de capitais ou a través de operacións con institucións financeiras.

En segundo lugar, prevíuse a creación dunha sociedade anónima cuxa denominación prevista é «Facilidade Europea de Estabilización Financeira», que permitirá o acceso ao financiamento adicional para os Estados membros do Eurosistema que se encontren en dificultades como consecuencia de circunstancias excepcionais alleas ao seu control. Esta sociedade poderá conceder préstamos, financiándose para isto no mercado internacional de capitais co apoio dos avais que concedan os Estados membros accionistas non beneficiarios da axuda no momento da concesión do aval.

Neste contexto hai que pór de manifesto a capacidade dos Estados membros da Zona do Euro de responder rápida, coordinada e eficazmente para manter a estabilidade financeira en caso de ser necesario. De aí a extraordinaria e urxente necesidade deste real decreto lei. A creación deste instrumento é un reforzo fundamental para a fortaleza do euro e é un paso de gran transcendencia para manter a confianza dos mercados e evitar riscos futuros de contaxio financeiro na Zona do Euro. O rápido avance na posta en marcha deste mecanismo é en si mesmo un sinal importante para ese mantemento da confianza e da estabilidade financeira.

En consecuencia, para que a sociedade denominada «Facilidade Europea de Estabilización Financeira» se encontre plenamente operativa, é preciso que os Estados membros accionistas dispoñan previamente os medios necesarios para poder garantir as operacións de financiamento que realice a dita sociedade.

Polo tanto, o obxecto deste real decreto lei é a autorización á Administración xeral do Estado para avala, até un importe máximo de 53.900 millóns de euros, as obrigacións económicas derivadas das operacións de financiamento que leve a cabo a sociedade «Facilidade Europea de Estabilización Financeira», desde a súa constitución e até o 31 de decembro de 2013, considerándose incrementado na dita contía o límite establecido no

artigo 54.Un da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010.

Dada a urxente necesidade da adopción desta medida, para permitir a inmediata efectividade da «Facilidade Europea de Estabilización Financeira», facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Economía e Facenda, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de maio de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Autorización para o outorgamento de avais ás operacións de financiamento da sociedade «Facilidade Europea de Estabilización Financeira».*

1. Ao abeiro do establecido no artigo 114 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, autorízase a Administración xeral do Estado, até un importe máximo de 53.900 millóns de euros, para outorgar avais, conforme as características establecidas nos acordos reguladores da «Facilidade Europea de Estabilización Financeira», en garantía das obrigacións económicas exixibles a aquela, derivadas das emisións de instrumentos financeiros, da concertación de operacións de préstamo e crédito, así como de calquera outra operación de financiamento que realice a sociedade denominada «Facilidade Europea de Estabilización Financeira».

2. A ministra de Economía e Facenda poderá acordar o outorgamento de avais unha vez constituída a dita sociedade e até o 31 de decembro de 2013.

3. Autorízase a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira para realizar os pagamentos correspondentes á execución do aval mediante operacións de tesouraría con cargo aos conceptos específicos que se creen para tal fin.

4. Con posterioridade á súa realización, a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira procederá á aplicación ao orzamento de gastos dos pagamentos realizados no exercicio. Os pagamentos efectuados no mes de decembro de cada ano aplicaranse ao orzamento de gastos no trimestre inmediatamente seguinte.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010.*

Os números un e dous do artigo 54 da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010, quedan redactados nos seguintes termos:

«Un. O importe máximo dos avais que outorgará o Estado durante o exercicio do ano 2010 non poderá exceder os 95.900.000 miles de euros.

Dous. Dentro do total sinalado no número anterior, resérvanse os seguintes importes:

13.500.000 miles de euros para garantir, de acordo co establecido na disposición adicional vixésimo primeira, número 8, da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, segundo a redacción dada polo artigo 1 do Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social, as obrigacións económicas exixibles ao Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico, derivadas das emisións de instrumentos financeiros que realice o dito fondo con cargo aos dereitos de cobramento que constitúan o seu activo.

27.000.000 miles de euros para garantir as obrigacións económicas exixibles ao Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, derivadas das emisións de instrumentos financeiros, da concertación de operacións de préstamo e crédito, así como da realización de calquera outra operación de endebedamento que realice o dito fondo, de acordo co establecido pola disposición adicional segunda do Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito.

53.900.000 miles de euros para garantir as obrigacións económicas exixibles á sociedade denominada «Facilidade Europea de Estabilización Financeira», derivadas das emisións de instrumentos financeiros, da concertación de operacións de préstamo e crédito, así como de calquera outra operación de financiamento que realice a dita sociedade de acordo co establecido no Real decreto lei 9/2010, do 28 de maio, polo que se autoriza a Administración xeral do Estado ao outorgamento de avais a determinadas operacións de financiamento no marco do Mecanismo Europeo de Estabilización Financeira dos Estados membros da Zona do Euro.»

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Autorízase a ministra de Economía e Facenda para ditar as normas que resulten necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do previsto neste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de maio de 2010.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO